



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior Deporte, empresa saudable e novas tendencias

CONVOCATORIA: Curso superior Deporte, empresa saudable e novas tendencias

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 06/02/2026 - 09:00h ao 19/02/2026 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O deporte é un fenómeno transversal que caracteriza a sociedade moderna. O seu desenvolvemento abrangue diferentes e variadas dimensións, que van desde a saúde e o benestar ata aspectos económicos e financeiros.

Unha das facianas onde o deporte, a través das súas diferentes manifestacións, xoga un rol salientable é no eido empresarial, nomeadamente no que atinxe á saúde laboral, á prevención de riscos de traballo ou á calidade corporativa. Por este motivo, en canto á promoción dunha «empresa saudable», o deporte albíscase como unha ferramenta fundamental.

Falar de empresa saudable non é xa un desexo de moitas entidades e organizacións senón que se está a converter nunha realidade cotiá que mellora o benestar físico, mental e social das persoas traballadoras. Ao promover hábitos saudables, prever riscos, reducir o estrés e fomentar un bo clima laboral, conséguese que as persoas traballen máis motivadas, con maior satisfacción e con menos problemas de saúde. Asemade, redúcese o absentismo, mellora a comunicación interna e contribúe a que o ambiente de traballo sexa máis seguro e agradable.

Todo isto tradúcese en beneficios directos como o aumento da produtividade e a atracción e retención de talento que proxecta unha imaxe corporativa máis positiva e responsable. En definitiva, a empresa saudable é unha estratexia que favorece tanto as persoas como a organización.

É por iso que mediante este curso pretende achegar aos seus destinatarios as principais cuestións referentes á empresa saudable, facendo especial fincapé nos aspectos onde o deporte pode servir como instrumento ou ferramenta facilitadora.

DESTINATARIOS

Por orde de preferencia na selección haberá tres grupos de persoas destinatarias:

1. Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; e das universidades do Sistema universitario de Galicia con responsabilidade ben na xestión de entidades e instalacións deportivas ou ben na realización de actividades orientadas aos servizos de emprego e actividades de empregabilidade.
2. Persoal de empresas e institucións privadas con responsabilidade no deseño, posta en marcha ou aplicación de programas deportivos e de empresa saudable.
3. Calquera persoa interesada nos contidos do curso.

O persoal indicado nos puntos 1 e 2 deberá achegar documentación unha vez formalizada a súa inscrición tal como se indica na base sexta punto 5 da convocatoria DOG.

PROGRAMA

Modalidade de impartición: presencial.

Datas de desenvolvemento: os días 4, 11, 18, 25 de marzo; e 8 de abril de 2026.

Horario: de tarde, das 16:30 ás 20:30 horas.

Lugar de desenvolvemento: Escola Galega de Administración Pública; rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Horas lectivas: 30 horas, distribuídas en 5 sesións presenciais (4 horas por sesión) máis dez (10) horas non presenciais de traballo autónomo do alumnado.

CONTIDOS:

1. Contexto legal e institucional.
 - a. Marco legal das administracións públicas.
 - b. Marco xurídico do deporte: Organización institucional.
 - c. Aspectos económicos, sociais e culturais.
 - d. Absentismo e empresa saudable.
 - e. Os servizos públicos de emprego.
2. Saúde mental e benestar emocional na empresa.
 - a. A saúde mental como pilar do rendemento laboral.
 - b. Prevención do estrés e xestión de riscos psicosociais.
 - c. Benestar emocional e clima laboral positivo.
 - d. Beneficios organizativos de promover a saúde mental.
3. O deporte como ferramenta de cambio.
 - a. O deporte como mensaxeiro de paz e solidariedade.
 - b. O deporte como axente de igualdade.
 - c. O deporte como aliado da non discriminación.
4. Intelixencia artificial, xestión deportiva e ODS.
 - a. A intelixencia artificial na xestión deportiva.
 - b. Innovación e tecnoloxía aplicada aos dereitos humanos no deporte.
 - c. ODS, economía e deporte.
 - d. A seguridade dixital: responsabilidades e dereitos.
5. Deporte corporativo e adherencia profesional.
 - a. O deporte corporativo como ferramenta de benestar laboral.
 - b. Impacto na produtividade e rendemento profesional.
 - c. Adherencia profesional: participación continuada nas actividades deportivas.
 - d. Beneficios organizativos a longo prazo.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base cuarta da convocatoria DOG.

A preferencia na selección atenderá ao disposto na base cuarta, puntos 1, 2 e 3.

O criterio de ordenación subsidiario en cada grupo será en todo caso a data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava respectivamente da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Coñecementos transversais) e, logo, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior Deporte, empresa saudable e novas tendencias.

Unha vez formalizada a súa matrícula, e antes de que finalice o prazo de inscrición, as persoas solicitantes indicadas na base 4.1 e 4.2 da convocatoria DOG deberán achegar ao correo electrónico novas.egap@xunta.gal a documentación que acredite as responsabilidades indicadas en cada parágrafo (4.1 ou 4.2 da convocatoria DOG).

3. DATOS EDICIÓN

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 04/03/2026 a 08/04/2026

NUM. PRAZAS: 60

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Manuel Páramo Sureda

Roberto Ramos Piñeiro

PATRICIO SANCHEZ FERNANDEZ

MIGUEL RODRIGUEZ DEL CORRAL

Mª Nieves Lorenzo Espeso

Jose Antonio Otero Parra

Leonor Gallardo Guerrero

MARIO RIGAU OLIVERAS

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: Os días 04, 11, 18 e 25 de marzo de 16:30 a 20:30. O día 08 de abril de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA